

## **XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL**

O Instituto Galego da Vivenda e Solo creouse pola Lei 3/1988, de 27 de abril, como instrumento para a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia.

O Decreto 97/2014, do 24 de xullo, establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS). Na mesma aparecen recollidas as distintas unidades administrativas existentes así como as funcións asignadas a cada unha delas.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no artigo 91 establece que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Tendo en conta que ata este momento a forma de provisión dos postos de traballo de “xefatura de servizo” era de libre designación, procede cumprir á citada norma en materia de emprego público, adaptar as RPTs modificando a forma de provisión dos postos das xefaturas de servizo ou equivalentes, de libre designación a concurso específico.

Non obstante existe a posibilidade de que determinados postos de traballo queden excepciónados da norma xeral (concurso específico) e poidan ser cualificados como de libre designación nas relacións de postos de traballo.

Aos efectos da aplicación práctica de dita previsión legal, a Dirección Xeral da Función Pública, por Resolución do 25 de febreiro de 2016 ditou instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior.

A elección do sistema de libre designación comporta a necesidade de que a Administración aporte os elementos obxectivos que permitan apreciar a pertinencia da súa utilización. Son as funcións dos postos os que deben revelar as características especiais que motivan a “Especial responsabilidade ou a cualificación profesional “ e determinen, por tanto, a súa configuración como de libre designación.

Por outro lado, significar que a optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión e o logro da máxima coordinación das distintas unidades administrativas son principios básicos que guían a actuación do IGVS.

Neste contexto, as funcións adscritas aos servizos centrais e periféricos do IGVS, esixen unha modificación organizativa que conleva a actualización permanente da Relación de Postos de Traballo co fin de adecuala no posible ás novas necesidades.

O IGVS, propón amortizar postos de traballo dentro dos cales se encontra o posto de xefe de sección de calidade da edificación adscrito actualmente a xefatura de servizo técnico da área provincial do IGVS da Coruña, para a súa vez crear un novo posto das mesmas características e adscribilo ao servizo de calidade da dirección técnica de solo, edificación e calidade. Da mesma forma, tamen procede por necesidades funcionais amortizar un posto de arquitecto ff en Lugo e crear un posto das mesmas características, na Oficina técnica da mesma dirección técnica nos servizos centrais en Santiago de Compostela.

Amortízase tamén un posto de laboral grupo IV categoría 1 por xubilación da persoa que o ocupaba. Dito posto era dos que estaban regulados pola Disp. Transitoria 10ª do V Convenio Colectivo Unico do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

Como derradeira amortización, citar a dun posto de AP 10 subalterno nos servizos centrais do IGVS en Santiago de Compostela.

Do mesmo xeito, procede incorporar a área funcional a determinados postos de traballo nos servizos centrais e nas áreas provinciais do IGVS, así como correxir as columnas de observacións, formación específica, subgrupo e corpo/escala co fin de adecuar esas características as novas necesidades.



O IGVS, dando cumprimento as instrucións ditadas pola Dirección Xeral da Función Pública (Resolución do 25 de febreiro de 2016), e demais normativa de aplicación, por necesidades do servizo e sen que supoña incremento de gasto no capítulo I, procede ter en conta as seguintes modificacións:

**1 XEFATURAS DE SERVIZO QUE MODIFICAN A SÚA FORMA DE PROVISIÓN**

SERVIZOS CENTRAIS E PERIFÉRICOS

1.1 Modificación da forma de provisión de xefaturas de servizo adscritas a actual relación de postos de traballo do IGVS

Código do posto	Forma provisión		Denominación	Destino/Localidade
	actual	proposta		
MAO110000115770020	LD	CE	Xefatura de servizo de patrimonio	Santiago de Compostela
MAO110000115770040	LD	CE	Xefatura de servizo fianzas e xest tributos locais	Santiago de Compostela
MAO110000115770047	LD	CE	Xefatura servizo réxime xurídico e inspección	Santiago de Compostela
MAO110000115770054	LD	CE	Xefat. servizo xestión e finan vivenda prom public	Santiago de Compostela
MAO110000215770020	LD	CE	Xefatura servizo xest investimento e apoio admtv	Santiago de Compostela
MAO110000215770030	LD	CE	Xefatura oficina técnica	Santiago de Compostela
MAO110000215770040	LD	CE	Xefatura servizo calidade	Santiago de Compostela
MAO110000215770047	LD	CE	Xefatura servizo planificación e ordenación solo	Santiago de Compostela
MAO110000415770020	LD	CE	Xefatura servizo de orzamentos	Santiago de Compostela
MAO110000415770030	LD	CE	Xefatura servizo control interno	Santiago de Compostela
MAO110000415770040	LD	CE	Xefatura de servizo contabilidade e tesoureria	Santiago de Compostela
MAO110000615770020	LD	CE	Xef servizo planificación e desenvolv normativo	Santiago de Compostela
MAO110000615770030	LD	CE	Xef. servizo rehabilitación e renovación urbana	Santiago de Compostela
MAO110000615770040	LD	CE	Xef. servizo actuacións protex materia vivenda	Santiago de Compostela
MAO110000615770047	LD	CE	Xefatura servizo control e xustificación fondos	Santiago de Compostela
MAO120000015770030	LD	CE	Xef. servizo xestión recursos humanos e ri	Santiago de Compostela
MAO120000015770040	LD	CE	Xefatura servizo contratación	Santiago de Compostela
MAO120000015770049	LD	CE	Xefatura de servizo técnico	Santiago de Compostela
MAO120000015770057	LD	CE	Xefatura servizo coordinación inform mat vivenda	Santiago de Compostela
MAO191000015001080	LD	CE	Xefatura servizo técnico	A Coruña
MAO191000027001080	LD	CE	Xefatura servizo técnico	Lugo
MAO191000032001070	LD	CE	Xefatura servizo técnico	Ourense
MAO191000036001080	LD	CE	Xefatura servizo técnico	Pontevedra

1.2 Xefaturas de servizo adscritas a actual relación de postos de traballo do IGVS, que non modifican a súa forma de provisión o vincularse aos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior.

Código do posto	Forma provisión		Denominación	Destino/Localidade
	actual	proposta		
MAO191000015001001	LD	LD	Xefatura área provincial IGVS	A Coruña
MAO191000027001001	LD	LD	Xefatura área provincial IGVS	Lugo
MAO191000032001001	LD	LD	Xefatura área provincial IGVS	Ourense
MAO191000036001001	LD	LD	Xefatura área provincial IGVS	Pontevedra

**Funcións das áreas provinciais do IGVS que motivan unha especial responsabilidade ou a cualificación profesional**



Concorren criterios de excepcionalidade nos catro postos de traballo de nivel 28 ou inferior citados no recadro anterior, con funcións que implican o cumprimento dalgunha das seguintes atribucións:

### 1 Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada a Xunta de Galicia

1.1 Hai unha responsabilidade directa dos rexistros ou arquivos ue conteñen información sobre ámbitos relacionados a continuación:

#### 1.1.1 Seguridade patrimonial ou das persoas

Tal e como se establece literalmente no artigo 21 a) e b) do decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS correspóndelle aos xefes de área entre outras, as seguintes funcións:

a.- “Dirixir a xestión de cantos asuntos en materia das competencias do IGVS taña atribuídas a área provincial, asegurando o cumprimento dos obxectivos do organismo no seu ámbito territorial”

b.- “Dirixir e coordinar as funcións seguintes: o réxime interior, a tramitación administrativa, a xestión de persoal, o rexistro xeral e os diferentes rexistros públicos, os arquivos da área provincial e a información ao público”.

c.- O xefe de área provincial asume directamente unha responsabilidade directa dos rexistros e arquivos que conteñen información sensible sobre o patrimonio do IGVS e as persoas, ademais de dirixir o funcionamento e a organización administrativa da súa área provincial.

d.- En determinados actos de natureza patrimonial a persoa titular da presidencia do IGVS ten delegada a súa sinatura nos xefes de área provinciais, tal e como se recolle na Resolución do 22 de xuño de 2010.

### 2 Especial responsabilidade por garantir o adecuado exercicio de autoridade e/ou inspección administrativa da Xunta de Galicia.

2.1 A Coordinación ou dirección da inspección, nun determinado ámbito administrativo

Os xefes de área provinciais exercen a coordinación ou dirección da inspección no seu ámbito administrativo respectivo, a través das xefaturas de sección de inspección e sancións e inspectores/as de vivenda tramitadores que levan incorporadas na súa relación de postos.

O artigo 21 a) do decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS constata que os xefes de área provinciais desenvolven entre outras, as seguintes funcións:

“ Dirixir a xestión de cantos asuntos en materia das competencias do IGVS teña atribuídas a área provincial, asegurando o cumprimento dos obxectivos do organismo no eu ámbito territorial”.

### 3 Especial responsabilidade por garantir a protección dos datos persoais

3.1 Competencia e responsabilidade directas no que atinxe ao control e uso dos datos persoais de niveis medio e alto segunda a clasificación establecida nos apartados 2 e 3 do artigo 81 do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

En aplicación do artigo 80 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o nivel de protección de datos persoais que exercen os xefes de área provinciais pódese considerar de nivel medio e alto e faise extensible tanto a datos de carácter económico, como de saúde e de violencia de xénero.

O Decreto 97/2014, do 24 de xullo de estrutura orgánica do IGVS, establece no seu artigo 21.1 que se lle atribúe aos xefes das áreas provinciais do IGVS, entre outras, as funcións que lles sexan delegadas de acordó coas súas funcións.



A xestión desenvolta polo IGVS fai preciso de cara a unha maior eficacia, delegar parte desta competencia do director xeral do IGVS nos xefes das áreas provinciais, o que permitirá unha maior axilidade administrativa, dentro do riguroso respecto ás garantías xurídicas.

Neste sensu, o director xeral do IGVS delega nos xefes de área provinciais as competencias seguintes:

- Incoar os procedementos de desafiuzamento administrativo de acordo coas causas taxadas reguladas no artigo 81.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia.
- Designar as persoas instructoras e secretarias do expediente, así como as que deban levar a cabo o lanzamento.
- Acordar o precinto cautelar, no caso de que se considere necesario.

## 2 AMORTIZACIÓN E CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE FUNCIONARIO/A

### CENTRO DE DESTINO: SECRETARIA XERAL E AREAS PROVINCIAIS

#### 2.1 AMORTIZACIÓN DE POSTOS DE FUNCIONARIO/A

Nº	Codigo postos	denominación	localidade
1	MAO120000015770110	Auxiliar administrativo grupo IV categoria 1	Santiago de Compostela
2	MAO120000015770021	AP 10 subalterno	Santiago de Compostela
3	MAO191000015001097	Xefe sección calidade edificación	A Coruña
4	MAO191000027001082	Arquitecto/a Funcións Facultativas	Lugo

O posto de traballo denominado xefe de sección calidade da edificación actualmente adscrito a xefatura de servizo técnico da área provincial do IGVS da Coruña, interesa amortizalo, para crear outro posto das mesmas características e adscribilo ao servizo de calidade da dirección técnica de solo, edificación e calidade nos servizos centrais do IGVS en Santiago de Compostela.

#### Motivos que xustifican a amortización da xefatura de sección de calidade da edificación en IGVS A Coruña:

- Desaparición do laboratorio control calidade edificación
- A elaboración das disposicións técnicas, guías e manuais en materia de calidade na edificación, así como o seu fomento e planificación desenvólvese dende o servizo de calidade adscrito a dirección técnica de solo, edificación e calidade que se encontra ubicada nos servizos centrais do IGVS en Santiago de Compostela.
- todas as actuacións que teñen que ver co control calidade edificación se encontra centralizada na dirección técnica de solo, edificación e calidade en Santiago de Compostela.
- Por razóns de dispoñibilidade, funcionalidade, organización, eficacia, centralización, porque se traballa para toda Galicia dende os servizos centrais.

#### Amortización dun posto de AP 10:

Propónse así mesmo, a amortización dun posto de traballo de AP 10 subalterno/a, nos servizos centrais do IGVS, o dispoñer os servizos centrais do IGVS de dous postos a maiores de AP 10. O obxectivo que se persegue é, o de atender outras necesidades urxentes tendo en conta os programas de xestión propios do IGVS así como o novo plan estatal de vivenda.

#### Amortización dun posto de laboral grupo IV categoria 1 (Disp. Transitoria 10ª do V Convenio Colectivo Unico):

Sinalar tamén a amortización do posto de traballo de auxiliar administrativo de laboral do grupo IV categoria 1 de código MAO120000015770110, o desaparecer a necesidade de ocupalo por laboral indefinido non fixo o amparo da disposición transitoria 10ª (1ª parte) do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta Galicia.

#### Amortización dun posto de arquitecto FF na área provincial do IGVS de Lugo e creación dun posto de arquitecto FF na oficina técnica da dirección técnica de solo, edificación e calidade (ss cc)

Nestes momentos a oficina técnica conta con dúas arquitectas, a xefa de servizo da Oficina Técnica e unha arquitecta en funcións facultativas. Esta dotación de persoal resulta totalmente insuficiente para abordar todo o traballo que lle corresponde



efectuar. Entre as funcións mais relevantes desta Oficina destaca: a supervisión dos proxectos das obras de reparación, rehabilitación, edificación e urbanización, do IGVS; informes de valoración das ofertas nas licitacións de obras e servizos complementarios destas; supervisión dos modificados dos proxectos e revisións de prezos; seguimento dos expedientes de excepción da normativa de habitabilidade e informe sobre as consultas en materia de habitabilidade de vivenda; elaboración dos pregos de prescricións técnicas das obras e asistencia técnica na elaboración dos pregos de prescricións administrativas; supervisión das certificacións finais de obra; coordinación dos criterios técnicos no seguimento e xestión das obras da consellería informes relativos á valoración e aceptación das edificacións a adquirir polo IGVS; apoio técnico e coordinación de criterios técnicos na elaboración das ordes de axudas e xestión dos expedientes de subvencións xestionados pola dirección técnica de Fomento; informe técnicos relativos as delimitacións de Areas de Rehabilitación Integradas.

Debido a esta situación, asígnouse temporalmente a arquitecta dependente do Servizo de Planificación e Ordenación de Solo á Oficina Técnica.

Esta situación non pode manterse por mais tempo xa que dito servizo só conta coa arquitecta xefe de Servizo de Planificación e Ordenación de Solo para desenvolver as súas tarefas que, nos últimos tempos viñeron aumentando considerablemente, debido á recuperación da actividade do IGVS en materia de desenvolvemento de solo que estivo relativamente parada durante os anos mais complicados da crise económica e que agora se está retomando tanto polo IGVS e Xestur, como por parte de outros organismos.

Por outra parte, o Servizo de Planificación e Ordenación de Solo, debe asumir as novas funcións derivadas da aprobación da lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais que implica a xestión e aprobación do IGVS dos proxectos de delimitación de fases dos proxectos sectoriais, xestión e aprobación dos documentos de división de polígonos dos ámbitos de solo destinados á creación de solo empresarial contemplados no Plan Sectorial de Areas empresariais e a supervisión e aprobación dos proxectos de urbanización derivados dos proxectos sectoriais, tanto os que son propios do IGVS como os que corresponden a outros promotores (públicos ou privados).

Por estes motivos resulta totalmente necesario reintegrar a arquitecta en funcións facultativas do Servizo de Planificación e Ordenación de Solo ás funcións propias deste servizo, abandonando as que corresponden a Oficina Técnica e crear unha nova praza de arquitecto na Oficina Técnica que poda asumir as tarefas que antes viña realizando a arquitecta de apoio.

Por outra banda, se ben os Servizos Técnicos das Areas provinciais, teñen unha carga de traballo considerable, parece conveniente unificar a dotación de arquitectos das distintas Areas contemplando a eliminación da praza do terceiro arquitecto en funcións facultativas existente na Area Provincial de Lugo deixando dous arquitectos integrados na Área, os mesmos que cos que conta o resto das Áreas Provinciais.

Deste xeito propónse amortizar a praza do terceiro arquitecto da Area Provincial do IGVS de Lugo e crear unha nova praza de arquitecto na Oficina Técnica dependente da Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade.

## 2.2 CREACIÓN DE POSTOS DE FUNCIONARIO

Nº	Codigo postos	denominación	localidade
1	MAO110000215770033	Arquitecto/a Funcións Facultativas	Santiago de Compostela
2	MAO110000215770042	Xefe sección calidade edificación	Santiago de Compostela
3	MAO191000032001007	Posto base subgrupo C2	Ourense
4	MAO191000032001008	Posto base subgrupo C2	Ourense

Interesa crear dous postos base subgrupo C2 12 para a área provincial do IGVS de Ourense, co obxectivo de dotalo de dous efectivos máis tendo en conta a amortización de postos de que foi obxecto na rpt actual este área provincial, como consecuencia da redución de postos de traballo requerido pola Xunta de Galicia, como consecuencia dun proceso gradual de racionalización, simplificación e redución das estruturas administrativas iniciado no 2009.



Neste intre a área provincial do IGVS de Ourense, é o servizo periférico que incorpora o menor número de efectivos de todas as áreas provinciais do organismo (30 efectivos), fronte a 35 efectivos de que dispón Lugo por exemplo. Durante estes últimos anos este feito influíu notablemente na boa xestión cara o cidadán tanto no que se refire aos programas propios da Xunta de Galicia como os derivados dos plans Estatais de Vivenda, neste momento en curso o de 2018 a 2021.

**3 POSTOS DE TRABALLO CON ADSCRICIÓN DE AREA FUNCIONAL**

**CENTRO DE DESTINO: SERVICIOS CENTRAIS**

**Dirección técnica de xestión patrimonial, fianzas e inspección:**

Nº	Codigo postos	denominación	Area funcional
1	MAO110000115770020	Xefatura servizo patrimonio	Económica-orzamentaria
2	MAO110000115770021	Xefatura sección patrimonio	Económica-orzamentaria
3	MAO110000115770023	Xefatura sección inventario	Económica-orzamentaria
4	MAO110000115770030	Xefatura negociado I	Económica-orzamentaria
5	MAO110000115770040	Xefatura servizo fianzas e xestión tributos locais	Económica-orzamentaria
6	MAO110000115770043	Xefatura sección I	Económica-orzamentaria
7	MAO110000115770044	Xefatura sección II	Económica-orzamentaria
8	MAO110000115770045	Xefatura negociado II	Económica-orzamentaria
9	MAO110000115770047	Xefatura servizo rexime xurídico e inspección	inspección
10	MAO110000115770050	Inspector/a vivenda tramitador/a	inspección
11	MAO110000115770051	Inspector vivenda tramitador/a	inspección
12	MAO110000115770052	Inspector vivenda tramitador/a	inspección
13	MAO110000115770053	Inspector vivenda tramitador/a	inspección
14	MAO110000115770054	Xefatura servizo xest e finan de vivendas promoció publi	Económica-orzamentaria
15	MAO110000115770058	Xefatura sección recadación	Económica-orzamentaria
16	MAO110000115770059	Xefatura negociado III	Económica-orzamentaria
17	MAO110000115770060	Xefatura negociado IV	Económica-orzamentaria

Adscribese a postos da dirección técnica de xestión patrimonial, fianzas inspección a area funcional económica-orzamentaria e de inspección o desenvolver funcións de administración e xestión do patrimonio do IGVS, así como a xestión das rendas dos bens deste, a xestión dos ingresos relacionados coas competencias propias da dirección técnica, a xestión das fianzas, etc. Por outro lado, desenvolve tamen funcións de inspección e control que se concretan en planificar, coordinar e, de ser o caso, efectuar inspeccións de ocupacións, usos e transmisións nas vivendas de promoción pública e locais propios do IGVS.

Ademais destas funcións, a dirección técnica a través dos servizos que integra, desenvolve funcións de carácter técnico-xurídico, como son: elaborar propostas de normativa reguladora da adxudicación, uso e xestión, conservación, administración, aproveitamento e transmisión do patrimonio de vivendas e locais do IGVS, a tramitación de ser o caso, coas entidades financeiras para o financiamento hipotecario das promocións de vivenda pública, elaborar instrucións e directrices de coordinación das áreas provinciais sobre o réxime xurídico das vivendas de promoción pública e resto de funcións competencia da dirección técnica.

**Dirección técnica de solo, edificación e calidade**

Nº	Codigo postos	denominación	Area funcional
1	MAO110000415770041	Unidade xurídica administrativa	técnico-xurídica
2	MAO110000415770042	Xefatura sección xestión económica	Económica orzamentaria

Asígnaselle como áreas funcionais aos postos de referencia a técnico-xurídica e económica-orzamentaria, en relación as funcións que veñen desenvolvendo na dirección técnica na que se adscriben.

**Dirección técnica de xestión económica e orzamentos**



Nº	Codigo postos	denominación	Area funcional
1	MAO110000515770020	Xefatura servizo orzamentos	Económica-orzamentaria
2	MAO110000515770022	Xefatura sección habilitación capitulo II	Económica-orzamentaria
3	MAO110000515770025	Xefatura de negociado I	Económica-orzamentaria
4	MAO110000515770030	Xefatura servizo control interno	Económica-orzamentaria
5	MAO110000515770032	Xefatura sección control interno	Económica-orzamentaria
6	MAO110000515770035	Xefatura negociado II	Económica-orzamentaria
7	MAO110000515770040	Xefatura servizo contabilidade e tesoureria	Económica-orzamentaria
8	MAO110000515770042	Xefatura sección contabilidade xeral	Económica-orzamentaria
9	MAO110000515770043	Xefatura sección tesoureria e pagamentos	Económica-orzamentaria

Procede a adscripción da área funcional “Económica-orzamentaria” a postos que forman parte da dirección técnica de xestión económica e orzamentos, o desenvolver entre outras funcións, a supervisión e asesoramento da actividade económica do IGVS, o impulso da elaboración do anteproxecto de orzamentos do IGVS, así como o control orzamentario das correspondentes unidades administrativas., a coordinación dos traballos de inventario do organismo, a análise dos procedementos de gasto, análise e evolución de ingresos, a dirección da contabilidade do organismo coordinando e controlando a tesoureria e dos ingresos e pagamentos do organismo, etc.

#### Dirección técnica de fomento

Nº	Codigo postos	denominación	Area funcional
1	MAO110000615770020	Xefatura servizo de planificac e desenvolv normativo	Técnico-xurídica
2	MAO110000615770021	Xefatura de sección de planificación	Técnico-xurídica
3	MAO110000615770030	Xefatura servizo rehabilitación e renovación urbana	Económica-orzamentaria
4	MAO110000615770032	Xefatura sección rehabilitación	Económica-orzamentaria
5	MAO110000615770035	Xefatura negociado I	Económica-orzamentaria
6	MAO110000615770040	Xefatura servizo actuacións protex en materia vivenda	Económica-orzamentaria
7	MAO110000615770042	Xefatura sección de actuacións protexidas	Económica-orzamentaria
8	MAO110000615770044	Xefatura sección de aluguer	Económica-orzamentaria
9	MAO110000615770045	Xefatura de negociado II	Económica-orzamentaria
10	MAO110000615770047	Xefatura servizo control e xustificación de fondos	Económica-orzamentaria
11	MAO110000615770048	Xefatura sección de xustificación de fondos	Económica-orzamentaria
12	MAO110000615770050	Xefatura de negociado III	Económica-orzamentaria

Adscribese a postos de traballo da dirección técnica de fomento a área funcional de “técnico-xurídica” e Económica-orzamentaria, o desenvolver funcións referidas a: A elaboración de proxectos de disposicións, instrucións e directrices sobre o réxime xurídico das vivendas de protección automática e coordinación coas áreas provinciais no tocante ao réxime xurídico destas vivendas, así como xestionar as axudas autonómicas ou estatais que poidan regularse nos plans de vivenda para a promoción e acceso as vivendas protexidas. Por outra banda, significar que se xestiona tamén o réxime orzamentario de axudas propias da comunidade autónoma en materia de vivenda.

#### Secretaría xeral

Nº	Codigo postos	denominación	Area funcional
1	MAO120000015770030	Xefatura servizo xest recursos humanos e rexime inter	Persoal
2	MAO120000015770032	Xefatura de sección habilitación e persoal	Persoal
3	MAO120000015770034	Xefatura de negociado I	Persoal
4	MAO120000015770040	Xefatura servizo contratación	contratación
5	MAO120000015770042	Xefatura sección de contratación	contratación
6	MAO120000015770049	Xefatura servizo técnico xurídico	Técnico-xurídica
7	MAO120000015770051	Unidade xurídica administrativa	Técnico-xurídica
8	MAO120000015770053	Xefatura sección xurídica	Técnico-xurídica



Procede adscribir area funcional de “Persoal”, “contratación” e “Técnico Xurídica” a postos que forman parte da Secretaria Xeral do IGVS o desenvolver funcións, vinculadas a xestión de persoal e nómina, á preparación, licitación e adjudicación dos expedientes de contratación e asistencia e apoio xurídico nas materias da competencia do IGVS.

CENTRO DE DESTINO: SERVIZOS PERIFÉRICOS

A CORUÑA

Nº	Codigo postos	denominación	Area funcional
1	MAO191000015001050	Xefatura sección xestión patrimonial	Económica-orzamentaria
2	MAO191000015001052	Xefatura negociado II	Económica-orzamentaria
3	MAO191000015001053	Xefatura negociado III	Económica-orzamentaria
4	MAO191000015001054	Xefatura negociado IV	Económica-orzamentaria
5	MAO191000015001060	Unidade Xurídica administrativa	Técnico-xurídica
6	MAO191000015001062	Xefatura sección subvencións e tramitacións	Económico-orzamentaria
7	MAO191000015001065	Xefatura negociado V	Económico-orzamentaria
8	MAO191000015001066	Xefatura negociado VI	Económico-orzamentaria
9	MAO191000015001067	Xefatura negociado VII	Económico-orzamentaria
10	MAO191000015001075	Xefatura sección inspección e sancións	Inspección
11	MAO191000015001077	Inspector/a vivenda tramitador/a	Inspección
12	MAO191000015001078	Inspector/a vivenda tramitador/a	Inspección
13	MAO191000015350040	Xefatura negociado Habil, finzas e coord adtva	Económica-orzamentaria

LUGO

Nº	Codigo postos	denominación	Area funcional
1	MAO191000027001036	Xefatura ngdo. Habilitación persoal e fianzas	Persoal
2	MAO191000027001040	Xefatura sección xestión patrimonial	Económica-orzamentaria
3	MAO191000027001042	Xefatura negociado III	Económica-orzamentaria
4	MAO191000027001043	Xefatura negociado IV	Económica-orzamentaria
5	MAO191000027001050	Unidade xurídico administrativo	Técnico-Xurídica
6	MAO191000027001058	Xefatura sección subvencións e tramitacións	Económico-orzamentaria
7	MAO191000027001060	Xefatura negociado VI	Económica-orzamentaria
8	MAO191000027001061	Xefatura negociado VII	Económica-orzamentaria
9	MAO191000027001062	Xefatura sección aluguer e rexistro demandantes	Económica-orzamentaria
10	MAO191000027001063	Xefatura negociado VIII	Económica-orzamentaria
11	MAO191000027001065	Xefatura sección inspección e sancions	Inspección
12	MAO191000027001067	Inspector/a vivenda tramitador/a	Inspección

OURENSE

Nº	Codigo postos	denominación	Area funcional
1	MAO191000032001032	Xefatura ngdo. Habilitación persoal e fianzas	Persoal
2	MAO191000032001035	Xefatura sección xestión patrimonial	Económica-orzamentaria
3	MAO191000032001038	Xefatura negociado II	Económica-orzamentaria
4	MAO191000032001040	Xefatura negociado III	Económica-orzamentaria
5	MAO191000032001045	Unidade xurídica administrativa	Técnico-xurídica
6	MAO191000032001052	Xefatura sección de subvencións e tramitacións	Económica-orzamentaria
7	MAO191000032001055	Xefatura de negociado V	Económica-orzamentaria
8	MAO191000032001056	Xefatura de negociado VI	Económica-orzamentaria
9	MAO191000032001058	Xefatura de negociado VIII	Económica-orzamentaria
10	MAO191000032001065	Xefatura de sección de inspección e sancións	Inspección
11	MAO191000032001067	Inspector/a vivenda tramitador/a	Inspección

PONTEVEDRA





Nº	Codigo postos	denominación	Area funcional
1	MAO191000036001045	Xefatura sección xestión patrimonial	Económica-orzamentaria
2	MAO191000036001047	Xefatura de negociado II	Económica-orzamentaria
3	MAO191000036001048	Xefatura de negociado III	Económica-orzamentaria
4	MAO191000036001050	Unidade xurídico administrativa	Técnico xurídica
5	MAO191000036001055	Xefatura sección inspección e tramitacións	Económica-orzamentaria
6	MAO191000036001057	Xefatura negociado V	Económica-orzamentaria
7	MAO191000036001058	Xefatura negociado VI	Económica-orzamentaria
8	MAO191000036001059	Xefatura negociado VII	Económica-orzamentaria
9	MAO191000036001063	Xefatura sección habil persoal rex interno e rex	Persoal
10	MAO191000036001070	Xefatura sección inspección e sancións	Inspección
11	MAO191000036001072	Inspector/a vivenda tramitador/a	Inspección
12	MAO191000036001075	Inspector/a vivenda tramitador/a	Inspección
13	MAO191000036560005	Xefatura ngdo habil fianzas e coord admtva	Económica-orzamentaria

O IGVS adscribe a estes postos de traballo que forman parte das áreas provinciais do IGVS da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra as áreas funcionais “Económica-orzamentaria”, Técnico-xurídica”, inspección o desenvolver funcións vinculadas coa xestión económica o tramitar axudas dos programas propios da Xunta de Galicia, e programas que veñen dados dos Plans Estatais de Vivenda. A Unidade xurídica administrativa desenvolve o apoio xurídico e técnico-administrativo en relación coas materias atribuídas ao IGVS no respectivo ámbito territorial, ademais de elaborar informes e propostas de resolución sobre os recursos, reclamacións e solicitudes presentadas ante a área provincial. A sección de inspección e sancións e os postos de inspectores de vivenda tramitadores desenvolven labores de inspección de ocupacións, usos e transmisións nas vivendas de promoción pública e locais propios do IGVS.

#### 4 POSTO DE TRABALLO DE FUNCIONARIO QUE MODIFICA AS SÚAS OBSERVACIÓNS

LUGO E PONTEVEDRA

Nº	Codigo postos	denominación	observacións	
			actuais	propostas
1	MAO191000027001021	Posto base subgrupo C2	(1) Persoal laboral indefinido non fixo	Eliminar observacións
2	MAO191000036001048	Xefatura de negociado III	(2) Ocupado laboral fixo	Eliminar observacións

(1) Este posto de funcionario incorporaba en observacións que se podía ocupar por persoal laboral indefinido non fixo, polo que ao causar baixa o laboral que reunía estas condicións, procede a súa eliminación.

(2) Por baixa do laboral fixo

#### 5 POSTOS DE TRABALLO QUE MODIFICAN A FORMACIÓN ESPECÍFICA

Nº	Codigo postos	denominación	Formación específica	
			actual	proposta
1	MAO110000015770001	Secretario/a director xeral	641	640
2	MAO110000015770002	Secretario/a director xeral	641	640
3	MAO110000415770042	Xefatura sección contabilidade xeral	506-530	506
4	MAO120000015770002	Secretario/a do/a secretario/a xeral	641	640
5	MAO191000015001070	Xefatura de sección do rexistro de demandantes	---	501

Actualízase a formación específica pasando do código 641 ao 640, (de iniciación ao perfeccionamento do Galego). E por outro lado incorpórase o código 501 formación específica (mérito) ao posto de xsfe de sección de rexistro de demandantes da área provincial do IGVS da Coruña, co obxecto de manter o mesmo criterio coa praza denominada xefe de sección de aluguer e rexistro de demandantes da área provincial do IGVS de Lugo, que xa a tiña incorporada como mérito (501), na RPT actual.



**6 POSTOS DE TRABAJO QUE MODIFICAN O SUBGRUPO**

Nº	Codigo postos	denominación	Subgrupo	
			actual	proposto
1	MAO110000115770047	Xefatura servizo réxime xurídico e inspección	A1	A1-A2
2	MAO110000115770054	Xefatura servizoxest e financ viven prom pública	A1	A1-A2
3	MAO110000215770021	Unidade Xurídica-Administrativa	A1	A1-A2
4	MAO120000015770049	Xefatura servizo técnico xurídico	A1	A1-A2
5	MAO120000015770051	Unidade xurídica-administrativa	A1	A1-A2
6	MAO191000015001060	Unidade xurídica-administrativa	A1	A1-A2
7	MAO191000027001050	Unidade xurídica-administrativa	A1	A1-A2
8	MAO191000032001045	Unidade xurídica-administrativa	A1	A1-A2
9	MAO191000036001050	Unidade xurídica-administrativa	A1	A1-A2

Proponse modificar o subgrupo destes postos, en aplicación do artigo 40.d) da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia

**7 POSTOS DE TRABAJO QUE MODIFICAN O CORPO/ESCALA**

**Servizos centrais**

Nº	Codigo postos	denominación	Corpo/escala	
			proposto	eliminar
1	MAO110000215770001	Director/a técnico/a de solo, edificación e calidade	ESA/ESE1	2001-2004
2	MAO110000215770030	Xefatura oficina técnica	ESA	2001
3	MAO110000215770032	Arquitecto/a funcións facultativas	ESA	2001
4	MAO110000215770035	Enxeñeiro/a funcións facultativas	ESE1	2004
5	MAO110000215770036	Arquitecto/a Técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
6	MAO110000215770040	Xefatura servizo calidade	ESA/EMA	2001-3001
7	MAO110000215770047	Xefatura servizo planificación e ordenación de solo	ESA	2001
8	MAO110000215770048	Arquitecto/a funcións facultativas	ESA	2001
9	MAO120000115770001	Asesor/a xurídico/a	XSL	
10	MAO110000415770001	Director/a técnico/a xestión económica e orzamentos		XERAL(ESCAL A FINANZAS)
11	MAO110000415770030	Xefatura servizo control interno		XERAL(ESCAL A FINANZAS)
12	MAO110000415770040	Xefatura servizo contabilidade e tesoureria		XERAL(ESCAL A FINANZAS)

**IGVS a Coruña**

Nº	Codigo postos	denominación	Corpo/escala	
			proposto	eliminar
1	MAO191000015001080	Xefatura servizo técnico	ESA	2001
2	MAO191000015001082	Arquitecto/a funcións facultativas	ESA	2001
3	MAO191000015001087	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
4	MAO191000015001089	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
5	MAO191000015001090	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
6	MAO191000015001091	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
7	MAO191000015001095	Técnico funcións facultativas	ESA	2001

**IGVS Lugo**

Nº	Codigo postos	denominación	Corpo/escala	
			proposto	eliminar
1	MAO191000027001080	Xefatura servizo técnico	ESA	2001
2	MAO191000027001083	Arquitecto/a funcións facultativas	ESA	2001



3	MAO191000027001085	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
4	MAO191000027001086	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
5	MAO191000027001087	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001

**IGVS Ourense**

Nº	Codigo postos	denominación	Corpo/escala	
			proposto	eliminar
1	MAO191000032001070	Xefatura servizo técnico	ESA	2001
2	MAO191000032001073	Arquitecto/a funcións facultativas	ESA	2001
3	MAO191000032001085	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
4	MAO191000032001086	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001

**IGVS Pontevedra**

Nº	Codigo postos	denominación	Corpo/escala	
			proposto	eliminar
1	MAO191000036001080	Xefatura servizo técnico	ESA	2001
2	MAO191000036001082	Arquitecto/a funcións facultativas	ESA	2001
3	MAO191000036001085	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
4	MAO191000036001086	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
5	MAO191000036001087	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001
6	MAO191000036001088	Arquitecto/a técnico/a funcións facultativas	EMA	3001

**8 POSTO DE TRABALLO QUE MODIFICA A FORMACIÓN ESPECIFICA E TITULACIÓN ACADÉMICA**

**Servizos centrais**

Nº	Codigo posto	denominación	Form exp – titul acade	
			proposto	eliminar
1	MAO110000615770024	Posto base subgrupo A1	501	2062

Proponse a eliminación do código 2062 referido a titulación académica o tratarse dun posto base subgrupo A1

**9 POSTOS DE TRABALLO QUE MODIFICAN A ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Nº	Codigo postos	denominación	Adscr. Adm. Pública	
			proposto	eliminar
1	MAO110000115770001	Secretario/a xeral	AXG	A11
2	MAO110000115770057	Xefatura servizo coord e información materia vivenda	AXG	A11
3	MAO110000215770001	Asesor/a Xurídico/a	AXG	A11
4	MAO110000315770001	Director/a técnico xestión patrimonio, fianzas e inspección	AXG	A11
5	MAO110000415770001	Director/a técnico de solo, edificación e calidade	AXG	A11
6	MAO110000415770030	Xefatura oficina técnica	AXG	A11
7	MAO110000515770001	Director técnico xestión económica e orzamentos	AXG	A11
8	MAO110000515770030	Xefatura servizo control interno	AXG	A11
9	MAO110000515770040	Xefatura servizo contabilidade e tesourería	AXG	A11



10	MAO110000615770001	Director técnico de fomento	AXG	A11
11	MAO191000015001080	Xefatura servizo técnico	AXG	A11
12	MAO191000027001080	Xefatura servizo técnico	AXG	A11
13	MAO191000032001070	Xefatura servizo técnico	AXG	A11
14	MAO191000036001080	Xefatura servizo técnico	AXG	A11

Sobre o total de efectivos existentes na RPT do Instituto Galego da Vivenda e Solo, compútanse 254 postos. Actualmente hai 21 postos abertos a outras administracións, resultando unha porcentaxe do 8,26%, polo que se sobrepasa nun 1,26%, o 7% establecido como límite na Lei 2/2015.

Atendendo as demandas das organizacións sindicais, dende o Instituto Galego da Vivenda e Solo se acepta que para a maioría dos postos da RPT, que incorporan o código A11 de adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC AA, se propoña o código AXG de adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia.

Únicamente se mantén o código A11 para as dúas secretarías do director xeral e a secretaría da secretaria xeral, e co código A12 as catro xefaturas de área provinciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

En consecuencia se pasa dun 8,26% a un 2,75% de postos abertos, supondo unha redución do 5,51%.

Manifestar que os códigos de posto existentes na actual RPT, manteñense coa denominación da consellería de medio ambiente, territorio e vivenda (MAO)

Significar tamén que a modificación da relación de postos de traballo do Instituto Galego da Vivenda e Solo que se pretende realizar, non supón incremento de gasto de capítulo I de gastos de persoal.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

O director xeral do IGVS

Heriberto García Porto

